

ANA ROMANÍ; CARME HERMIDA

Mulleres galegas na comunicación

O proceso de incorporación das mulleres ó ámbito da comunicación en Galicia, igual ca noutros ámbitos profesionais, evidenciou nas ultimas décadas do século XX as desigualdades agochadas detrás do principio de igualdade que rexía a sociedade daqueles anos. Os medios de comunicación reproducían e reproducen as contradicións entre as declaracións e a realidade. E a realidade daquela, e hoxe, era que a imaxe e tratamento informativo de máis da metade da poboación respondía á discriminación e aos prexuízos que consolida unha sociedade patriarcal reacia ao cambio social propiciado polos movementos das mulleres e o pensamento feminista. Nese contexto e como necesidade de imprimir mudanzas nas esclerotizadas estruturas da comunicación creouse a asociación Mulleres Galegas na Comunicación (MUGACOM), unha iniciativa dun grupo de profesionais e traballadoras dos distintos ámbitos da comunicación e o seu estudo.

Mugacom constitúese o 8 de marzo de 1997 na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago co obxectivo de “aglutinar as mulleres de Galicia para mellor defender os seus intereses dende as perspectivas de xénero e de país e co ánimo de crear unha plataforma que posibilita a reivindicación e a denuncia das mulleres ante o sexismo nos /dos medios de comunicación”. A comisión promotora constataba a crecente feminización do sector cunha importante incorporación de mulleres aos estudos de xornalismo e ás redaccións dos medios sen que iso se traducise na igualdade salarial, na súa participación en postos de responsabilidade nin na imaxe que das mulleres daban os medios de comunicación. A invisibilidade, a feminización de seccións (a información relacionada cos ámbitos menos prestixiados: sucesos, sociedade, espectáculos e cultura) e o tratamento discriminatorio dos contidos dos medios levaron a Mugacom a orientar os seu traballo fundamentalmente en dous ámbitos: propiciar e defender o tratamento igualitario das profesionais da comunicación no ámbito laboral e abordar o estudo da imaxe das mulleres nos medios. No comunicado do 8 de marzo de 1998 celebrado baixo o lema común de “A violencia de xénero tamén ten cómplices” dise: “Como traballadoras da comunicación facemos especial fincapé na actitude dos medios para que reflexionen sobre o papel que está xogando na transmisión e perpetuación de valores e modelos que fomentan e xustifican a violencia contra as mulleres. A imaxe que se dá

2 • Ana Romani; Carme Hermida, Mulleres galegas na comunicación

de nós, tanto na publicidade como nos programas de entretenemento, o espazo que ocupamos nas áreas informativas, o tratamento das noticias referidas ás mulleres...contribúen a fixar na sociedade unha idea irreal do que somos, e sobre todo e máis preocupante, ó mantemento dun esquema social no que as relacións entre xéneros son de subordinación”

Naceu Mugacom nun período en que a profesión xornalística se reorganizaba en colectivos e plataformas de regulación e defensa dos seus intereses. Xestabase a creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, debatíase sobre a necesidade dun Sindicato profesional, e acababa de pórse en marcha a Facultade de Ciencias da Comunicación. Nese proceso considerábase necesario que o sector tomase consciencia da situación das mulleres como profesionais e que revisase a imaxe que daba delas. A mera visibilidade dunha Asociación con esa perspectiva de xénero podía por si mesma influír nesa dinámica.

Cunha estrutura que rexeitaba o modelo xerárquico, un sistema de organización en grupos de traballo, a distribución en asembleas comarcais e un principio aglutinador aberto, plural e non corporativista a Asociación Mulleres Galegas na Comunicación puxo en marcha unha serie de iniciativas que procuraban dar resposta a súa declaración de intencións: desenvolver e potenciar os dereitos das mulleres profesionais nos medios de comunicación na súa actividade laboral, promover unha imaxe real e positiva das mulleres nos medios e organizar encontros, estudos, accións co fin de promover un foro de debate e creación de pensamento

A Asociación Mulleres Galegas na Comunicación estableceu trala súa creación relacións co noutras asociacións das mesmas características existentes no estado como as de Cataluña, Andalucía ou Madrid. Galicia incorporouse e participou así en xornadas, e encontros que se realizaron no Estado español. Mugacom presentase como tal asociación no Encontro organizado por Ameco (Asociación Española de Mujeres Profesionales de los Medios de Comunicación) en Madrid en xuño de 1998. Antes fai a súa presentación pública en Galicia cunha Xornada sobre “As mulleres traballadoras dos medios de comunicación. Historia e Actualidade” celebrada en Santiago o 28 de maio. Pero os maiores esforzos concentráronse na realización do que foi o primeiro estudo sobre o tratamento informativo das mulleres no medios de comunicación de Galicia. O traballo de investigación realizado ao longo do mes de setembro de 1998 constatou que as mulleres apenas existen como protagonistas dos feitos noticiais, que a súa presenza se concentra nas seccións de sociedade e cultura que inclúen sucesos (nas que si son maioritariamente protagonistas), crónica rosa e espectáculo e na contraportada, as porcentaxes nestas seccións contrastan coa presenza case anecdótica ou pouco máis que nula en seccións como Economía (93,65% de presenza de homes nos titulares fronte ó 5,43% de

protagonismo feminino) ou Deportes. O estudo achega tamén outros datos da presenza feminina en seccións como Galicia, España e Mundo que non supera a porcentaxe de 7% fronte ao 90% da presenza masculina. O traballo de investigación realizouse en colaboración coa ponencia de comunicación do Consello da Cultura Galega. Non chegou a ser publicado.

Por razóns de reestruturación da vida persoal e laboral da maior parte das mulleres que compoñían Mugacom, a asociación quedou hibernada. E nese estado de letargo aínda está.

•

Ana Romani é xornalista na Radio Galega; Carme Hermida é Profesora na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. E-mail: aromanib@teletel.es.